



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

Servizo de cultura, igualdade e dereitos civís

Referencia: FO208 / 2026

Expediente convocatoria: 2025000048124

**RESOLUCIÓN POLA QUE SE AVOCA A COMPETENCIA PARA A APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E SE APROBAN AS BASES E A CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SUBVENCÍONS A CONCELLOS PARA FINANCIAR A SUPRESIÓN DA SIMBOLOXÍA FRANQUISTA NOS ESPAZOS PÚBLICOS, A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES E SINALIZACIÓN DE ESPAZOS DE RECUPERACIÓN DA MEMORIA DEMOCRÁTICA (FO208 / 2026)**

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

**ANTECEDENTES**

Por resolución número 29325, de 24 de xullo de 2023, o Presidente delegou na Xunta de Goberno entre outras: "A aprobación das bases de subvencións, cuxa competencia corresponda inicialmente ao presidente".

Tendo en conta a data da convocatoria da próxima Xunta de Goberno e considerando a urxencia de aprobar as Bases reguladoras do "Programa de subvencións a concellos para financiar a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos, a realización de actividades e sinalización de espazos de recuperación da memoria democrática", e vistos os informes do Servizo de cultura, igualdade e dereitos civís , da Secretaría Xeral e do Servizo de Fiscalización e Control Financeiro,

**RESOLVO:**

**Primeiro.** Avocar a competencia que, con carácter xeral foi delegada por resolución número 29325, de 24 de xullo de 2023 na Xunta de Goberno, e considerando a urxencia da aprobación das Bases reguladoras do "Programa de subvencións a concellos para financiar a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos, a realización de actividades e sinalización de espazos de recuperación da memoria democrática", que ven motivada pola necesidade de que as persoas destinatarias poidan facer as súas previsións respecto do obxecto da subvención neste programa para o exercicio 2026 coa suficiente antelación.

**Segundo.** Aprobar as Bases reguladoras do "Programa de subvencións a concellos para financiar a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos, a realización de actividades e sinalización de espazos de recuperación da memoria democrática", que figuran no Anexo - Bases Reguladoras.

**Terceiro.** Dispoñer a publicación das bases deste programa no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

**Cuarto.** Aprobar a convocatoria do Programa de subvencións a concellos para financiar a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos, a realización de actividades e sinalización de espazos de recuperación da memoria democrática, de conformidade coas bases reguladoras que figuran no Anexo - Bases Reguladoras.

O prazo de solicitude iniciárase ás 08:00 horas do día 16 de marzo de 2026, e finalizará ás 14:00 horas do día 16 de abril de 2026, tendo en conta que, tanto as solicitudes como o resto da tramitación do programa, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

**Quinto.** Remitir esta resolución, así como o extracto da convocatoria conforme ao Anexo - Extracto da convocatoria, á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicidad de Subvenciones y Ayudas Públicas, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, publicación que se tramitará como urxente.

**Sexto.** Dar conta desta resolución á Xunta de Goberno.

De conformidade co establecido no artigo 40.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), infórmase de que a resolución anterior esgota a vía administrativa, de acordo co disposto no artigo 114.1) da LPACAP, polo que, en virtude do artigo 123 da referida norma, contra a presente resolución poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, tal e como tamén preceptúa o artigo 52.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso potestativo de reposición ou se produza a desestimación presunta deste.

Así mesmo, a persoa interesada poderá interpoñer directamente contra a presente resolución recurso contencioso-administrativo, previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia que corresponda, de conformidade co disposto na devandita Lei e na disposición adicional primeira da Lei orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

## ANEXO - BASES REGULADORAS

### BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A CONCELLOS PARA FINANCIAR A SUPRESIÓN DA SIMBOLOXÍA FRANQUISTA NOS ESPAZOS PÚBLICOS, A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES E SINALIZACIÓN DE ESPAZOS DE RECUPERACIÓN DA MEMORIA DEMOCRÁTICA, PARA O ANO 2026 (FO208/2026)

#### Datos do programa

|  |   |
|--|---|
| <b>Unidade xestora</b>                           | Servizo de cultura, igualdade e dereitos civís  |
| <b>Sección</b>                                   | Sección de igualdade e dereitos civís   |
| <b>Anualidade</b>                                | 2026  |
| <b>Denominación</b>                              | Programa de subvencións a concellos para financiar a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos, a realización de actividades e sinalización de espazos de recuperación de la memoria democrática, para o ano 2026 |
| <b>Beneficiarios</b>                             | Concellos da provincia da Coruña de menos de 10.000 habitantes  |
| <b>Programa</b>                                  | FO208/2026  |
| <b>Aplicación orzamentaria</b>                   | 0611/9253/46201   |
| <b>Importe da convocatoria</b>                   | 150.000 €. Este importe poderá ser obxecto de modificación orzamentaria.  |
| <b>Importe do orzamento de gastos</b>            | Mínimo 3.750€, máximo 12.500€   |
| <b>Importe da subvención que se vai conceder</b> | Mínimo 3.000€ , máximo 10.000€  |
| <b>Importe solicitado</b>                        | Do 20% ao 80% do gasto subvencionable   |
| <b>Coeficiente de financiamento</b>              | Variable de 0,20 ao 0,80  |
| <b>Gasto anticipado</b>                          | Non   |

#### Exposición de motivos

A lei 20/2022 de 19 de outubro de Memoria Democrática (LMD), publicada no BOE nº 252 de 20 de outubro de 2022, obriga ás administracións públicas á retirada da simboloxía fascista dos edificios da súa titularidade e dos espazos públicos. Coñecedores de que os concellos, sobre todo os de menor entidade, asumen moitas competencias impropias que fan

difícil o seu equilibrio orzamentario, e de que en moitos deles aínda non se cumpriron as disposicións obrigadas pola lei de memoria democrática, por falta de orzamento, a Deputación da Coruña quere contar cunha liña de subvencións dirixidas aos concellos da provincia de menos de 10.000 habitantes para a recuperación da memoria histórica, co obxectivo de sinalizar espazos de homenaxe ás vítimas do golpe de estado de 1936 e da ditadura posterior, apoiar iniciativas a prol da recuperación dos feitos de represión silenciados, eliminar a simboloxía fascista que aínda quede en espazos públicos e promover os estudos arredor da memoria democrática.

## **BASES**

### **Base 1. Réxime xurídico**

O marco normativo polo que se rexerán as subvencións concedidas pola Deputación é o establecido na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña e na seguinte normativa específica:

- A Lei 20/2022, de 19 de outubro, de Memoria Democrática (LMD), que dispón no seu preámbulo:

A memoria das vítimas do golpe de Estado, a Guerra de España e a ditadura franquista, o seu recoñecemento, reparación e dignificación, representan, polo tanto, un inexcusable deber moral na vida política e é signo da calidade da democracia. A historia non pode construírse desde o esquecemento e o silenciamento dos vencidos.

O coñecemento do noso pasado recente contribúe a asentir a nosa convivencia sobre bases máis firmes, protexéndonos de repetir erros do pasado. A consolidación do noso ordenamento constitucional permítenos hoxe afrontar a verdade e a xustiza sobre o noso pasado.

No artigo 14 da Lei 20/2022, establécese que as actuacións que leven a cabo as administracións públicas en materia de memoria democrática, nos seus respectivos ámbitos competenciais, rexeranse polos principios de colaboración e subsidiariedade, e en todo caso respectarán o exercicio lexítimo polas outras administracións das súas competencias.

Segundo o artigo 35 da Lei 20/2022: 1.- Considéranse elementos contrarios á memoria democrática as edificacións, construcións, escudos, insignias, placas, calquera outros elementos ou obxectos pegados a edificios públicos ou situados na vía pública nos que se realicen mencións conmemorativas en exaltación, persoal ou colectiva, da sublevación militar e da Ditadura, dos seus dirixentes, participantes no sistema represivo ou das organizacións que sustentaron a ditadura e as unidades civís ou militares de colaboración entre o réxime franquista e as potencias do eixo durante a Segunda Guerra Mundial

2.- Así mesmo, serán considerados elementos contrarios á memoria democrática as referencias realizadas en topónimos, no rúeiro, ou nas denominacións de centros públicos, da sublevación militar e da Ditadura, dos seus dirixentes, participantes no sistema represivo

ou das organizacións que sustentaron a ditadura e as unidades civís ou militares de colaboración entre o réxime franquista e as potencias do eixo durante a Segunda Guerra Mundial

3. As administracións públicas, no exercicio das súas competencias e territorio, adoptarán as medidas oportunas para a retirada dos ditos elementos.

- A presente subvención está incluída no plan estratéxico provincial de subvencións da Deputación e contribúe ao logro dos obxectivos incorporados no dito plan.

## **Base 2. Obxecto e finalidade**

### **2.1 Obxecto**

As axudas económicas obxecto deste programa destinaranse a financiar os gastos para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos, a realización de actividades e sinalización de espazos da recuperación memoria democrática, entre outros:

Retirada de escudos, placas, insignias, esculturas ou mencións conmemorativas de exaltación persoal ou colectiva de eloxio ao franquismo e a posterior restauración do ben inmueble de titularidade municipal afectado.

Actividades sobre a recuperación da memoria democrática en todas as súas manifestacións.

Sinalización e mantemento de espazos de memoria e actos de homenaxe e recoñecemento público das persoas ou colectivos que padeceron persecución fascista no período comprendido entre o 18 de xullo de 1936 e a entrada en vigor da Constitución Española de 1.978.

### **2.2 Ámbito temporal**

As actividades obxecto deste programa deben realizarse no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2026 e o 31 de decembro de 2026.

Para xustificar os gastos que fosen realizados no final do período da convocatoria poderán admitirse os xustificantes (factura ou documento equivalente) que sexan expedidos ata o 16 de xaneiro de 2027.

### **2.3 Finalidade**

A Deputación da Coruña convoca esta liña de subvencións como parte da súa política de apoio aos concellos para a recuperación da memoria democrática, co obxectivo de sinalizar espazos de homenaxe ás vítimas do golpe de estado de 1936 e da ditadura posterior, apoiar iniciativas a prol da recuperación dos feitos de represión silenciados, eliminar a simboloxía fascista que aínda quede en espazos públicos e promover as actividades arredor da memoria democrática.

### Base 3. Solicitantes

Poderán solicitar subvencións neste programa os concellos da provincia da Coruña de menos de 10.000 habitantes que cumpran os requisitos establecidos nestas bases reguladoras e na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias no momento de presentaren a solicitude.

Cada concello poderá presentar unha única solicitude.

### Base 4. Gastos subvencionables

| Conta | Descrición da conta, segundo o Plan Xeral de Contabilidade                    |
|-------|---|
| 600   | Compras de bens destinados á actividade (material non inventariable)          |
| 607   | Traballos realizados por outras empresas para o desenvolvemento da actividade |
| 621   | Arrendamentos   |
| 622   | Reparación e conservación de equipamento ou material                          |
| 623   | Servizos de profesionais independentes  |
| 627   | Publicidade e propaganda  |
| 640   | Soldos e salarios   |
| 642   | Seguridade Social a cargo da entidade   |

Serán subvencionables os seguintes gastos:

- Retirada de escudos, insignias e placas das rúas con nomes relacionados co franquismo
- Retirada de estatuas, mencións conmemorativas de exaltación persoal ou colectiva ou de calquera pegada de eloxio ao franquismo
- Sinalización e mantemento de espazos de homenaxe: como instrumento de publicidade e coñecemento dos mesmos co obxectivo de conformar unha relación de espazos, inmobles ou paraxes nos que se desenvolveran feitos de singular elevancia para a memoria democrática ou nos que se queira deixar constancia da homenaxe ás vítimas do franquismo. Serían subvencionables as placas, paneis informativos ou outros elementos que den visibilidade ao espazo, así como as labores de mantemento de lugares xa sinalizados.

As placas e paneis informativos terán que conter o [logotipo](#) da Deputación en lugar que destaque adecuadamente e todas as instalacións, sen prexuízo de outro contido, deben rematar coa frase: Vítimas do golpe de estado fascista de 1936.

- Actos de homenaxe e recoñecemento público das persoas que padeceron persecución ou violencia, por razón políticas, ideolóxicas, de pensamento, opinión,

crenza relixiosa, de orientación e identidade sexual, durante o período comprendido entre o golpe de Estado do 18 de xullo de 1936, a guerra, e a ditadura franquista até a entrada en vigor da Constitución Española de 1978.

- Charlas, cursos, congresos, conferencias, publicacións, exposicións, etc. sobre a recuperación e divulgación da memoria histórica. Quedarán excluídos gastos de transporte e alimentación.

Consideracións con respecto aos gastos subvencionables:

- Unicamente serán obxecto de axuda os gastos de carácter corrente, en ningún caso bens inventariables.
- No caso dos soldos e salarios e seguridade social, unicamente se terán en conta os do persoal relacionado coas actividades subvencionadas. Deberá acreditarse esta vinculación na memoria xustificativa.

## **Base 5. Compatibilidades e exclusións**

### **5.1 Compatibilidades**

As subvencións deste programa son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

### **5.2 Exclusións**

Nesta convocatoria non se admitirán investimentos.

## **Base 6. Forma e prazo da solicitude**

A forma e prazo da solicitude regúlanse na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña.

Os datos persoais facilitados serán tratados pola Deputación da Coruña, como responsable do tratamento, co fin de levar a cabo a tramitación administrativa dos programas de subvención. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Máis información na [Política de Privacidade](#) da Deputación.

## **Base 7. Compromisos e obrigas**

Ademais dos requisitos dispostos con carácter xeral na lexislación básica estatal e autonómica e na Ordenanza xeral de subvencións e ransferencias da Deputación, as

entidades beneficiarias, deberán cumprir cos seguintes compromisos e obrigas:

### **7.1 Difusión do apoio da Deputación.**

Calquera comunicación ou publicación das accións desenvolvidas polo concello deberá incluír a marca da Deputación integrada polo símbolo e [logotipo](#) que o acompaña en lugar que destaque adecuadamente.

Farase constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática, de redes sociais, páxina web ou audiovisual) que fixeran das actividades subvencionadas.

No caso de sinalización e mantemento de espazos de homenaxe: As placas e paneis informativos terán que conter o [logotipo](#) da Deputación en lugar que destaque adecuadamente e todas as instalacións, sen prexuízo de outro contido, deben rematar coa frase: Víctimas do golpe de estado fascista de 1936.

No caso das actividades de inauguración de espazos de memoria ou presentación de programas de actividades ou actos de homenaxe, convidarase á Deputación da Coruña para a súa participación.

### **7.2 Lingua galega**

Os concellos beneficiarios deberán ter sempre a súa páxina web oficial en lingua galega e o conxunto de soportes informativos e de difusión das súas actividades (folletos, carteis, cuñas de audio, programas de man, etc.) deberán de estar sempre en lingua galega, sen que iso exclúa a posibilidade de utilizaren amén outras linguas.

Non se subvencionarán actividades, materiais nin contidos que exclúan a lingua galega. Por tanto, odas as actividades e materiais subvencionados deberán realizarse en lingua galega, sen prexuízo de que amén poidan incluír outras linguas.

## **Base 8. Valoración das solicitudes e procedemento de concesión**

### **8.1 Procedemento de concesión**

A concesión das subvencións realizarase mediante réxime de concorrencia competitiva e será aprobada por resolución da presidencia, polo procedemento de concesión provisional e concesión definitiva regulado nas bases xerais destas axudas.

A cantidade que se concederá será a suma agregada dos diferentes criterios e as súas respectivas ponderacións, tendo en conta os límites máximos e mínimos cuantitativos e porcentuais establecidos, así como o redondeo ao céntimo das cantidades resultantes.

Esta cantidade en ningún caso poderá superar os 10.000 €.

## 8.2 Valoración das solicitudes

A selección das peticións e a contía das subvencións determinarase despois da consideración dos proxectos, de acordo cos baremos establecidos nesta convocatoria:

- Coeficiente de financiamento derivado da solicitude, ata 10 puntos:
  - Entre 50% e 59,99%: 4 puntos
  - Entre 40% e 49,99%: 6 puntos
  - Entre 30% e 39,99%: 8 puntos
  - Entre 20% e 29,99%: 10 puntos
- Número de intervencións realizadas sobre simboloxía antidemocrática, ata 15 puntos:
  - Retirada de 1 símbolo: 5 puntos
  - Retirada de 2 símbolos: 10 puntos
  - Retirada de 3 símbolos ou máis: 15 puntos
- Acto de homenaxe e número de actividades de divulgación realizadas, ata 20 puntos:
  - Acto homenaxe: 5 puntos
  - Acto homenaxe + 1 conferencia/outras actividades de divulgación: 10 puntos
  - Acto homenaxe + 2 conferencias/outras actividades de divulgación: 15 puntos
  - Acto homenaxe + 3 ou máis conferencias/outras actividades de divulgación: 20 puntos
  - (computaranse cada unha das conferencias e outras actividades de divulgación coma charlas, cursos, congresos, publicacións, exposicións, etc. realizados aínda que sexan na mesma xornada)
- Sinalización de espazo/roteiro: 20 puntos.
- Poboación do concello, ata 5 puntos:
  - Menos de 2.000 habitantes: 1 punto
  - Entre 2.000 e 5.000 habitantes: 3 puntos
  - Entre 5.001 e 10.000 habitantes: 5 puntos

Puntuación total máxima 70 puntos.

### **Base 9. Xustificación e pago**

Será de aplicación a conta xustificativa simplificada nos termos do artigo 75 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

A xustificación poderá presentarse a partir do día seguinte á publicación da resolución de

concesión definitiva das subvencións no BOP. O prazo para a xustificación das subvencións rematará o día 31 de marzo de 2027, ás 14:00 horas.

#### **Base 10.- Incumprimentos e sancións**

Será de aplicación o disposto na Ordenanza Xeral de Subvencións e transferencias.

### **ANEXOS DOCUMENTACIÓN**

#### **ANEXO I - Documentación da solicitude**

##### **Declaracións:**

- A entidade que represento cumpre todos os requisitos exixidos aos solicitantes nas bases reguladoras da presente convocatoria e na ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña, e no caso de resultar beneficiaria da subvención comprométese a cumprir fielmente todas as obrigas e compromisos recollidos nas mesmas e a acreditar de forma fehaciente o seu cumprimento no caso de ser requirida pola Deputación.
- A entidade que represento comprométese a utilizar a lingua galega no desenvolvemento do proxecto subvencionado e na produción escrita e oral (cartelaría, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) a que dea lugar toda a actividade subvencionada, e a dar cumprimento á aquelas outras obrigas establecidas nas bases específicas en relación coa lingua galega.
- A entidade que represento comprométese a empregar unha linguaxe non sexista e inclusiva; tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero e a recabar datos de participación desagregados por sexo no caso de estudos, estadísticas, enquisas e formularios.
- A entidade que represento comprométese a dar cumprimento as obrigas de difusión do apoio da Deputación establecidas nas bases.
- No caso de que algunha das actividades implique contacto habitual con menores, a entidade que represento comprométese a comprobar que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade sexual.

##### **Documentación:**

- Certificación acreditativa do acordo de solicitude.
- Acreditación da delegación da Alcaldía/Presidencia, no seu caso.
- Memoria descritiva da actuación que se pretende desenvolver.

- Anexo fotográfico en cor no que se reflectan e recollan os elementos da simboloxía franquista que se van eliminar ou o estado real de conservación do inmovible histórico-cultural e a súa localización.
- No caso da sinalización dos bens de interese municipal e nos proxectos de eliminación da simboloxía franquista dos espazos públicos, cando o concello non sexa titular destes presentará a autorización da persoa titular para desenvolver as actuacións indicadas.
- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.

A entidade deberá presentar a documentación esixida segundo os modelos que figuran na plataforma Subtel.

## **ANEXO II - Documentación xustificación**

Declaracións:

- A entidade que represento deu cumprimento as obrigas de difusión do apoio da Deputación establecidas nas bases específicas.
- No caso de que algunha das actividades realizadas implicara contacto habitual con menores, a entidade que represento comprobou que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade sexual.
- A entidade que represento non en pendente de xustificación ningunha cantidade anticipada pola Deputación na que xa rematara o prazo para a presentación de xustificantes.
- No caso en que os gastos subvencionables non acaden o importe mínimo a xustificar ou no caso en que a achega provincial, xunto cos outros ingresos percibidos para o mesmo obxecto, supere aos gastos executados: A entidade que represento renuncia á parte da achega provincial non xustificada e, no seu caso, acepta o reintegro da cantidade anticipada.
- No caso en que a xustificación se presente fóra de prazo: A entidade que represento acepta a sanción que corresponde e consinte en efectuar voluntariamente o pagamento desta mediante compensación no pago da subvención, e non presentará alegacións nin recurso algún ao respecto (Esta declaración suporá unha REDUCCIÓN DO IMPORTE DA SANCIÓN DUN 90%).

**Documentación:**

- Acreditación da delegación da Alcaldía/Presidencia, no seu caso.
- Memoria xustificativa.

- Relación clasificada dos gastos realizados durante o período subvencionado. Este documento deberá descargarse dende a plataforma SUBTEL logo de ter completada na mesma a “Relación de gastos” cos datos dos xustificantes de gasto.
- No suposto de que se xustifiquen gastos de persoal, na relación de gastos indicárase, para cada traballador/a e mes, o importe bruto da nómina e o importe da seguridade social con cargo á entidade.
- Relación detallada dos ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así coma dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para a mesma finalidade.
- Proba documental dos medios polos que se lle deu publicidade á subvención concedida e do uso da lingua galega.
- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.

**A entidade deberá presentar a documentación esixida segundo os modelos que figuran na plataforma SUBTEL.**

## ANEXO - EXTRACTO DA CONVOCATORIA

### GALEGO

#### Primeiro. Beneficiarios

Concellos da provincia da Coruña de menos de 10.000 habitantes que cumpran os requisitos establecidos nas bases reguladoras e na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias no momento de presentaren a solicitude.

#### Segundo. Obxecto

As axudas económicas obxecto deste programa destinaranse a financiar os gastos para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos, a realización de actividades e sinalización de espazos da recuperación memoria democrática, entre outros: Retirada de escudos, placas, insignias, esculturas ou mencións conmemorativas de exaltación persoal ou colectiva de eloxio ao franquismo e a posterior restauración do ben inmobile de titularidade municipal afectado. Actividades sobre a recuperación da memoria democrática en todas as súas manifestacións. Sinalización e mantemento de espazos de memoria e actos de homenaxe e recoñecemento público das persoas ou colectivos que padeceron persecución fascista no período comprendido entre o 18 de xullo de 1.936 e a entrada en vigor da Constitución Española de 1.978.

#### Terceiro. Bases reguladoras

A presente convocatoria rexerase polas Bases reguladoras publicadas no BOP.

#### Cuarto. Contía

Mínimo 3.000€ , máximo 10.000€

#### Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de solicitude iniciarase ás 08:00 horas do día 16 de marzo de 2026, e finalizará ás 14:00 horas do día 16 de abril de 2026, tendo en conta que, tanto as solicitudes coma o resto da tramitación do programa, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

#### Sexto. Outros datos de interese

Tanto as solicitudes como o resto da tramitación da presente convocatoria, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña <https://sede.dacoruna.gal/>

### CASTELLANO

#### Primero. Beneficiarios

Ayuntamientos de la provincia da A Coruña de menos de 10.000 habitantes que cumplan los requisitos establecidos en las bases reguladoras y en la Ordenanza general de subvenciones y transferencias en el momento de presentar la solicitud.

#### Segundo. Objeto

Las ayudas económicas objeto de este programa se destinarán a financiar los gastos para la supresión de la simbología franquista en los espacios públicos, la realización de actividades y

señalización de espacios de la recuperación memoria democrática, entre otros: Retirada de escudos, placas, insignias, esculturas o menciones conmemorativas de exaltación personal o colectiva de elogio al franquismo y la posterior restauración del bien inmueble de titularidad municipal afectado. Actividades sobre la recuperación de la memoria democrática en todas sus manifestaciones. Señalización y mantenimiento de espacios de memoria y actos de homenaje y reconocimiento público de las personas o colectivos que padecieron persecución fascista en el período comprendido entre 18 de julio de 1.936 y la entrada en vigor de la Constitución Española de 1.978.

#### Tercero. Bases reguladoras

La presente convocatoria se regirá por las Bases reguladoras publicadas en el BOP.

#### Cuarto. Cuantía

Mínimo 3.000€ , máximo 10.000€

#### Quinto. Plazo de presentación de solicitudes

El plazo de solicitud se iniciará a las 08:00 horas del día 16 de marzo de 2026, y finalizará a las 14:00 horas del día 16 de abril de 2026, toda vez que, tanto las solicitudes como el resto de la tramitación del programa, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación provincial de A Coruña.

#### Sexto. Otros datos de interés

Tanto las solicitudes como el resto de la tramitación de la presente convocatoria, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación Provincial de A Coruña <https://sede.dacoruna.gal>